



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

meteogalicia

Anuario de raios 2012

DATOS METEOROLÓXICOS 2012

RAIOS



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2012.....	3
3	COMPARACIÓN ANOS 2011 E 2012.....	8

Data edición: 25/02/2013



1 INTRODUCCIÓN

MeteoGalicia conta dende finais de 2009 cun sistema operativo de detección de descargas eléctricas nube-terra que permite a monitorización de treboadas en tempo real. O sistema permite tamén estimar as posibles evolucións a moi curto prazo (*nowcasting*) destes fenómenos.


A rede está composta por catro detectores de raios, un en cada provincia da Comunidade e máis concretamente en Alto do Rodicio (Ourense), Castro Ribeiras de Lea (Lugo), Mabegondo (A Coruña) y Vigo Campus (Pontevedra).



A precisión na localización dos raios nube-terra en Galicia é da orde de 500 m e unha capacidade de detección superior ao 90%.

Para máis información consultar en:

http://www.meteogalicia.es/observacion/raios/raios.action?request_locale=gl



2 RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2012

Durante o ano 2011 detectáronse sobre Galicia 11.943 distribuídos en 58 de treboada. A media anual de raios en cada día de treboada é de 206. Na táboa 1 móstrase a distribución por meses do número de día, o número de raios, os raios/día e as datas de ocorrencia en cada mes.

Mes	Nº Días	Nº Raios	Nº Raios/Día	Datas do mes con treboada																		
Xan	1	8	8	15																		
Feb	0	0	0																			
Mar	4	174	44	1	16	17	18															
Abr	11	1966	179	1	2	5	14	15	25	26	27	28	29	30								
Mai	5	616	123	3	4	19	25	26														
Xuñ	5	1577	315	1	11	21	27	30														
Xul	5	5780	1156	24	25	26	27	28														
Ago	3	28	9	14	18	27																
Set	6	1452	242	7	8	22	23	25	26													
Out	5	168	34	9	17	18	19	24														
Nov	8	109	14	4	5	8	10	11	26	27	28											
Dec	5	65	13	14	15	16	19	24														
Total	58	11943	206	Táboa 1																		

Na figura 1 móstrase a evolución dos días de tormenta ao longo do ano. O maior número concéntrase en primavera, especialmente en abril con case un 35% do total de días. Ségueno en número o mes de novembro con 8 días.




Figura 1. Número de días de treboada no ano 2012 en Galicia.

Na figura 2 móstrase o número de raios por mes en Galicia. Durante os meses de xuño e xullo rexistráronse o 62% do total de raios anuais. Houbo un día no ano no que se rexistraron máis de 2000 de raios: o 25 de xullo (4873 raios).




Figura 2. Número de raios no ano 2012 en Galicia.



Tendo en conta a distribución por provincia (ver figura 3), o maior número de raios rexistrouse sobre Lugo (6.401), logo sobre Ourense (2.803), séguelle A Coruña (1.476) e finalmente Pontevedra con 1.263.




Figura 3. Distribución de raios por provincia.

Na figura 4 móstrase a distribución por concello do número de días de treboada. Na provincia de A Coruña os concellos con maior número de días foron Arzúa e Muxía con 7, en Lugo Carballedo, Muras, Friol e Vilalba con 8, en Ourense Vilamarín e Bande con 8 e en Pontevedra Rodeiro, Covelo, A Golada e Vila de cruces con 7.




Figura 4. Número de días de treboada en 2012 por concello.

Tendo en conta o número de raios rexistrados en cada concello e a súa superficie, calculouse a densidade (raios/km²) en 2012 (figura 5). Na provincia de A Coruña o concello con maior densidade foi Touro, con 1.2. En Lugo Rábade con 3.9, en Ourense Lobeira con 1.8 e en Pontevedra Pontecesures y Silleda con 1.2.




Figura 5. Densidade de raios en 2012.



3 COMPARACIÓN ANOS 2011 E 2012

No ano 2011 a rede rexistrou 24190 raios sobre Galicia, mentres que no 2012 este número diminuíu a menos da metade, en concreto 11493. A provincia con maior descenso foi a de Ourense, con case 6000 raios menos.

